**Regulamento e invitación para tomar parte na**

# XXXIII TRAVESÍA RÍA DO PASAXE DE PIRAGÜISMO

**AS XUBIAS – A CORUÑA 2016**

## Organización
A organización técnica e execución da regata corresponde á F.G.P. e ao club Sociedade Deportiva As Xubias, que actuarán a través dos seus órganos executivos.

## Patrocinio
O patrocinio corresponde ao Concello da CORUÑA polo que esta entidade figurará de forma salientada en toda publicidade e acto de carácter público que por razón do mesmo se celebre.
Colaboran a Fundación María Xosé Xove, Protección Civil, Salvamento e Socorrismo, Cruz Vermella e Garda Civil.

## Lugar, data e hora
Praia de Oza- Ría do Pasaxe - A Coruña, o **Domingo día 28 de Agosto de 2016 ás 10:00** horas.

## Equipo arbitral
O Equipo arbitral será o que designe a Xunta Directiva da F.G.P. a proposta do Comité técnico de árbitros.

## Comité de Competición
Será formado da maneira que establecen os regulamentos vixentes na F.G.P., sendo da seguinte forma:
PRESIDENTE: Xuíz Árbitro da Regata.
SECRETARIO: Delegado Federativo.
VOCAL: Representante da S.D. As Xubias.

## Participación
Aberta a deportistas con diversidade funcional superior ao 33% que houberan participado no programa Esforza da Fundación María Jose Jove ou acrediten ter licenza de piragüismo 2016 e haber participado nalgunha regata de piragüismo, ata un máximo de 20 participantes.

## Categorías e embarcacións:
Estas serán:

| CATEGORÍAS | SEXO | EMBARCACIONES |
|---|---|---|
| k2 adaptado persoa con diversidade funcional mais acompañante | HOME E MULLER | K-2 autovaciable |

## Inscricións
O prazo de inscrición remata o domingo 21 de Agosto.
As inscricións dos deportistas con diversidade funcional serán feitas polo seguinte e-mail:
**asxubias@gmail.com**

## Inscricións definitivas

As mesmas realizaranse, o día da regata, entre as 11h00 h. e as 11:30 h., nas instalacións da Sociedade Deportiva As Xubias na Coruña.

**Distancia, orde e horarios das saídas**

Para o acceso á liña de saída as embarcacións deberán atender as ordes dos/as xuíces tendo en conta que ás 10:00 h. ningunha embarcación (que non sexa controlada polos/as árbitros) poderá estar na auga. As embarcacións deberán pasar o oportuno control arbitral en terra, quedando ás ordes dos/as xuíces de saída. O equipo arbitral, na saída e na ordenación da mesma, realizará o oportuno control de embarcacións para entregarlla ao organizador. Os/as palistas que non pasen o control de saída serán considerados como non participantes e descualificados para tódolos efectos.

| Lugar da saída | Embarcacións participantes | Categoría | Horarios de saída | Distancia de competición | Saída | Peche control |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Praia de Oza | k-1 Home e k-1 Muller | Benxamíns | 10:00 h | 1.500 m | Saída de auga | |
| | k-1 Muller e k-1 Home | Alevin dama Alevin home | 10:30 h 11:00 h | 1.500 m | | |
| | K-1 e C-1 Home e Muller | Infantís | 11:30 h | 3 km | | |
| | K-1 e C-1 Home e Muller | Cadetes | 12:00 h | 3 km | | |
| | K-1 e C-1 Home e Muller | Senior, Xuvenil, e Veterns A e B | 12:30 h | 4,5 Km | | 15 min |
| | K2 adaptado con acompañante | Persoas con discapacidade | 13:00 h | 1.500 m | | 5 min |

**Trofeos e medallas**

Serán entregados trofeo, placa ou medalla aos tripulantes das tres (3) primeiras embarcacións de cada modalidade e categoría establecidas no presente regulamento e trofeos aos tres (3) primeiros clubs clasificados.

Para a recepción do trofeo precísase a presenza física dos galardoados (clubs e deportistas) que deberán presentarse coa uniformidade debida no momento e lugar establecido pola organización. A non presenza do galardoado no lugar de entrega de trofeos á hora indicada pola organización é causa de descualificación para tódolos efectos.

A entrega de trofeos realizarase, unha vez comunicados os resultados oficiais, nas instalacións do club S.D. As Xubias, ao termo da regata.

**Embarcacións, material obrigatorio y material aconsellable:**

As embarcacións serán aportadas pola organización. kaiaks autovaciables de polietileno da marca Rotomod modelo Ocean Duo con reposapies moldeados integrados. Eslora 370 cm, Manga 88 cm, Puntal 33 cm, Peso 29 kg. Capacidade para unha o dúas persoas ata un máximo de carga de 220 Kg.

Palas de polietileno laranxa ou azul aportadas pola organización para o total dos palistas regateando.

E obrigatorio o uso de chaleco coa talla adecuada para o total dos palistas que estén regateando. A organización pon a disposición dos participantes chalecos para o total de palistas regateando, pero non está cerrado a uso exclusivo, e dicir, calquera participante pode traer o seu chaleco persoal.
A organización aconsella traer roupa o máis cómoda posible según as condiciones meteorolóxicas do día tendo en conta as posibles variacións da mesma (pantalón impermeable, chaqueta impermeable, gorro, gorra de sol, gafas de sol, protección solar…) e sobre todo unha mochila con roupa de cambio ao completo (toalla, roupa, calzado, …)

**Regulamentación**

A presente regata rexerase por este regulamento e, nos casos non previstos, polo regulamento da XIV Copa Galega de Ríos e Travesías, polo Regulamento da XXII Liga Xunta de Galicia, polo Regulamento de Ascensos, Descensos, Travesías e Maratón da R.F.E.P., así como polo Xeral e Técnico de Competicións da mesma e Regulamentos e Estatutos da F.G.P.

**Reclamacións**

Toda reclamación sobre o dereito a participar dalgún deportista ou club deberá ser realizada diante do xuíz árbitro da regata, ata unha hora antes do comezo da mesma. Toda reclamación sobre o desenvolvemento da regata será presentada ao Comité de competición e entregada en man ao xuíz árbitro nun tempo non superior aos vinte (20) minutos da publicación dos resultados ou do momento no que o/a xefe/a de equipo sexa comunicado da decisión tomada en contra do seu equipo ou deportista. As reclamacións deberán ser realizadas por escrito e acompañadas dunha taxa de dezaoito euros (18 €) que serán devoltas se a mesma é estimada. As decisións do Comité de competición son definitivas e poderán ser apeladas, sempre por escrito, diante do Xuíz único do Comité de disciplina da F.G.P. acompañadas da taxa de sesenta euros (60 €) que serán devoltos se a reclamación é estimada.

**Outras normas**

A inscrición na presente regata implica a aceptación de todas as súas normas.
O Organizador da regata non se fai responsable dos danos que puidesen causarse ás embarcacións e demais material dos participantes, tanto no desenvolvemento da competición como no transporte a/en/desde a mesma. É obrigatorio o uso do chaleco salvavidas para todos/as os/as participantes.
A distancia será de ida e volta, polo que habrá unha ciaboga (virada) nunha boia colocada a unha distancia aproximada de 1.500m, a que, a organización se reserva o dereito de poder modificar a distancia no caso necesario e/ou de forza maior.
A “Saída” de tódalas embarcacións realizaranse trala liña imaxinaria que une as Boias de Meta.
A Ciaboga (virada) na boia habrá que deixala por babor da embarcación (xiro a esquerda 180º, xiro no sentido contrario as agullas de reloxo).
O pasar a ciaboga, en K2 o competidor situado no exterior do recorrido debe ceder o paso ao competidor que vai polo interior, se este competidor ten la proa da súa embarcación superándolle a metade da embarcación.
A “Meta” pasase cando a proa da embarcación pasa a liña imaxinaria que une as Boias de Meta.
Os acompañantes serán deportistas das Xubias e persoas do programa Esforza ou Open, sen diversidade funcional que demostren un bo manexo do kaiak. Adxudicaranse as parellas por sorteo o domingo 28 de agosto as 12:00.